




A PALABRA NO CRIBO

Estímase que no noso planeta existen máis de sete mil idiomas diferentes. Imaxinades sabelos todos? Sería unha misión imposible. Para iso necesitamos das tradutoras e dos tradutores, esas persoas que son quen de expresar nun idioma distinto algo dito ou escrito. O verbo traducir provén do latín 'traducere', que significa "facer pasar dun lugar a outro". Parece cousa de maxia, pero aquí o único truco é o coñecemento lingüístico e a habelencia.

Ademais de poeta e editora, Xela Arias, a autora á que neste 2021 lle dedicamos o Día das Letras Galegas, tamén foi unha destacada tradutora literaria. Grazas ao seu traballo podemos ler en galego grandes autores e autoras que escribiron a súa obra noutras linguas: Camilo Castelo Branco, James Joyce, Miguel de Cervantes, Charles Baudelaire...

Sabías que...?

O pai de Xela, Valentín Arias, tamén foi un destacado tradutor. Verteu ao galego moitas obras infantis e xuvenís, entre elas grandes clásicos como *Carrapuchiña vermella*, *Cincenta*, *Hänsel e Gretel* ou *A volta ao mundo en oitenta días*.



En 1983, cando só tiña 21 anos de idade, Xela Arias traduciu do castelán ao galego o libro de poemas *Caballum* de Carlos Oroza. Dende aquela, e ata o seu pasamento vinte anos máis tarde, nunca deixou de verter ás nosas letras obras que nacían noutros idiomas.

Xela Arias tamén se acordou nas súas traducións do público máis novo. Pola súa man pasaron ao galego grandes clásicos infantís e xuvenís. Imos achegarnos a algúns deles!

“O tellado era de nata montada; o fume das chemineas, de azucre de algodón; as chemineas de froita confeitada. Todo o resto era de xeado: as portas de xeado, as paredes de xeado e os mobles de xeado”

Contos ao teléfono, Gianni Rodari. Trad. Xela, Arias. Editorial Juventud (1986)



Cunha máquina de escribir, e quen sabe se con algunha vasoira, Xela Arias traduciu en 1989 xunto a Lidia Iglesias outro clásico universal.



"No final do noso xardín había un enorme castiñeiro, e no alto, entre a súas ponlas, Timmy (o meu mellor amigo) e mais eu empezáramos a construír unha magnífica cabana"

As bruxas, Roald Dalh. Trad. Xela, Arias. Edicións Xerais (1983)



Canda María Xosé Lameiro, Xela Arias trouxo dende o neerlandés unha superheroína coñecida en todo o mundo: Franka. Entre 1990 e 1992 publicáronse en Edicións Xerais cinco álbums coas súas historias: *Os dentes do dragón*, *A caída do dragón*, *Competencia a morte*, *A volta do sol do norte* e *A vinganza do barco fantasma*.

A protagonista desta serie de banda deseñada creada nos anos setenta do século pasado polo artista gráfico Henk Kijpers, é unha moza detective que resolve con afouteza todo tipo de misterios.

Xela Arias tamén traduciu historias dos indíxenas de Norteamérica: *O derradeiro dos mohicanos* de James Fenimore Cooper (Xerais, 1983).



Fixo viaxar animais moi especiais dende a literatura brasileira coa tradución *d'O gato gaiado e a andoriña seña: unha historia de amor* de Jorge Amado (Xerais, 1986).



E ata nos chegou a historia do máis célebre vampiro, Drácula, ao galego. A novela do irlandés Bram Stoker, editada na súa versión orixinal por primeira vez en 1897, foi publicada na tradución de Xela Arias por Xerais no ano 2000.



A xeito de homenaxe, que vos parece se nos despedimos de Xela Arias dándolle as grazas en oito idiomas. A ver se sabedes cales son?

OBRIGADOS POR CREARES NOVOS MUNDOS COAS NOSAS PALABRAS.

GRAZIE POR NOS ENSINAR QUE HAI FURIA NOS CABALOS DOS COMETAS.

THANK YOU POR MOSTRARNOS QUE AS FORMIGAS TAMÉN BAILAN SWING.

MERÇI POR DEIXAR QUE AS LEITUGAS E AS PESCADAS TAMÉN POBOASEN OS POEMAS.

DANK U POR APRENDÉRESNOS A POSUÍRNOS.

GRACIAS POR NON CONTARNOS XAMAI UNHA MENTIRA.

ESKERRIK ASKO POR FACER PARIR O CANTOS DOS PARDAOS.

GRÀCIES POR ENSINARNOS A FACER PRAIAS COAS MANS.



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Co apoio de

